

ÍNDICE XERAL

DOC. 01.- MEMORIA DESCRIPTIVA E XUSTIFICATIVA

PARTE 1.- MEMORIA DESCRIPTIVA

PARTE 2.- MEMORIA XUSTIFICATIVA

PARTE 3.- ANEXOS

ANEXO I. MEMORIA XUSTIFICATIVA DE ADAPTACIÓN AO AMBIENTE E PROTECCIÓN DA PAISAXE

ANEXO II. INFORME XUSTIFICATIVO DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA SECTORIAL APLICABLE

ANEXO III. ANEXO SÍNTESE

ANEXO IV. FICHA DE VIXENCIA DE PLANEAMENTO

DOC 02.- ESTUDO DO MEDIO RURAL

DOC 03.- ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL

DOC 04.- ANÁLISE DA MOBILIDADE

DOC 05.- PLANOS DE INFORMACIÓN

DOC 06.- PLANOS DE ORDENACIÓN

DOC 07.- NORMAS URBANÍSTICAS

DOC 08.- CATÁLOGO

DOC 09.- ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN, ESTUDO ECONÓMICO, INFORME DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA E MEMORIA DE VIABILIDADE ECONÓMICA

DOC 10.- DOCUMENTO DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

DOC 11.- DOCUMENTACIÓN DOS ÁMBITOS DE PLANEAMENTO CON ORDENACIÓN DETALLADA

DOC. 01.- MEMORIA DESCRIPTIVA E XUSTIFICATIVA

PARTE 3.- ANEXOS

ANEXO I. MEMORIA XUSTIFICATIVA DE ADAPTACIÓN AO AMBIENTE E PROTECCIÓN DA PAISAXE

1.	INTRODUCCIÓN	3
2.	NORMATIVA.....	3
3.	ADAPTACIÓN AO AMBIENTE E PROTECCIÓN DA PAISAXE.....	3
3.1.	COHERENCIA COA LEI DO SOLO DE GALICIA.....	3
3.2.	XUSTIFICACIÓN DAS MEDIDAS PARA ALCANZAR OS OBXECTIVOS ESTABLECIDOS NO ARTIGO 34 DO REGULAMENTO DA LEI DE PROTECCIÓN DA PAISAXE DE GALICIA.....	4
3.3.	DIRECTRICES DA PAISAXE DE GALICIA	5
	3.3.1.Obxectivos de calidade paisaxística.....	5
4.	MEDIDAS E ACCIÓNS ESPECÍFICAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS DE CALIDADE.....	6

ANEXO I. MEMORIA XUSTIFICATIVA DE ADAPTACIÓN AO AMBIENTE E PROTECCIÓN DA PAISAXE

1. INTRODUCCIÓN

O presente documento constitúe a PARTE III da " MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº1 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA (PONTEVEDRA) NO P.I. ÁREA 33" DE conformidade coas disposicións contidas nos Arts. 132 e 135 do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante RLSG).

2. NORMATIVA

A Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, incorporou a crecente sensibilidade social pola paisaxe, elevándoa a rango de lei por vez primeira en Galicia, e fíxoo desde a máis actual concepción daquela, que emana do Convenio europeo da paisaxe, asinado en Florencia o 20 de outubro de 2000

Posteriormente, mediante o Decreto 119/2016 (DOG do 25/08/2016), aprobouse o Catálogo das paisaxes de Galicia, no que se identifican os tipos de paisaxe, delimitan as unidades de paisaxe, inventarían os valores paisaxísticos, analizan as causas que determinaron cada tipo de paisaxe e faise unha diagnose xeral sobre o estado da paisaxe, en cada área paisaxística.

A través do Decreto 96/2020, aprobouse o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (RLPPG), deixando constancia da cada vez maior importancia da paisaxe para abordar calquera tema urbanístico.

Por último, mediante o Decreto 238/2020 de 29 de decembro foron aprobadas as Directrices de paisaxe de Galicia.

Segundo as Directrices de paisaxe de Galicia, aprobadas mediante Decreto 238/2020, do 29 de decembro, os instrumentos de ordenación do territorio deberán Estudar a paisaxe do seu ámbito territorial, en canto aos aspectos sinalados na determinación xeral DX.01 que procedan en cada caso, en atención á natureza e ámbito territorial do instrumento en cuestión.

3. ADAPTACIÓN AO AMBIENTE E PROTECCIÓN DA PAISAXE

3.1. COHERENCIA COA LEI DO SOLO DE GALICIA

A memoria xustificativa inclúe o estudo de paisaxe previsto no artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (RLPPG), que contén unha caracterización da paisaxe con referencias ao Catálogo das paisaxes de Galicia, describe as unidades e os compoñentes da paisaxe, analiza os valores paisaxísticos e cita a visibilidade estratéxica do ámbito a extraída do visor do catálogo das paisaxes. Non se recollen medidas preventivas e correctoras para atenuar os impactos sobre a paisaxe dado que non se identifican efectos negativos na actuación.

Segundo establece o Título III " Normas de aplicación directa" da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante LSG) no seu artigo 91 as construcións e instalacións haberán de adaptarse ao ambiente no que se se sitúen establecendo unha serie de criterios cuxa adaptacións por parte da presente modificación xustifícase a continuación:

a) *As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.*

- Nin o ámbito da modificación nin a súa contorna comprenden elementos de valor cultural.

b) *Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e peches, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia do mesmo ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.*

- Nin o ámbito da modificación nin a súa contorna comprenden elementos de valor cultural, nin se sitúan en lugares de paisaxe aberta dado que se atopa nun parque empresarial.

c) *A tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración na contorna inmediata e na paisaxe.*

d) *As construcións haberán de presentar todos as súas paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.*

e) *Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, emprazamento ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.*

- No ámbito resultan de aplicación as ordenanzas que rexen a ordenación do parque empresarial, tamén no referente a tipoloxías, volumes e condicións estéticas polo que se garante a harmonización das construcións, materiais e cores co resto das edificacións existentes.

f) *Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.*

- Segundo a valoración realizada no PXOM de Silleda respecto o índice de riscos segundo a metodoloxía establecida por Gustavo Aguirre Murúa (2005) a valoración de risco global do Concello de Silleda e baixa. A proposta da modificación non se afectada por riscos naturais e tecnolóxicos nin contribúe a súa exposición.

3.2. XUSTIFICACIÓN DAS MEDIDAS PARA ALCANZAR OS OBXECTIVOS ESTABLECIDOS NO ARTIGO 34 DO REGULAMENTO DA LEI DE PROTECCIÓN DA PAISAXE DE GALICIA

Conforme dito artigo do RLPG a consideración da paisaxe nos instrumentos de ordenación territorial e urbanística estará orientada a que estes alcancen a mellor integración paisaxística posible e minimicen o seu impacto sobre a paisaxe, establecéndose os seguintes obxectivos a cumprir:

a) *A protección dos ámbitos ou elementos de especial valor ou significación paisaxística.*

- Tal e como reflicte o estudo da paisaxe da modificación, no ámbito non existen elementos de especial valor ou significación paisaxística.

b) A congruencia da ordenación co tipo e a situación en que se atopan todas as paisaxes afectadas, coa finalidade de respectar o seu carácter e promover a súa evolución favorable.

A modificación proposta non afecta negativamente a calidade paisaxística do ámbito ao integrarse no polígono industrial existente.

c) A mitigación ou corrección dos impactos que alteran ou degradan o carácter das paisaxes ou que afectan negativamente os seus valores.

A modificación puntual non supón unha alteración substancial do ámbito, pois a parcela de SOGAMA xa ten un carácter industrial e atópase edificada. En todo caso redundará nunha mellora na paisaxe urbana pois créase unha nova zona verde/dotacional no límite oeste do polígono industrial, a carón do solo rústico, nunha zona actualmente adicada a depósito de materiais.

3.3. DIRECTRICES DA PAISAXE DE GALICIA

De acordo co artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio), a modificación realiza un estudo da paisaxe, proporcionado e específico ao lugar e ás funcións do plan (directriz de paisaxe DX.03), e co contido que regula o artigo citado.

A DX.18. (N) determina que calquera actuación levada a cabo por unha Administración ou por iniciativa privada relativa aos parques empresariais, en particular os proxectos de urbanización, deberá ter en conta os criterios particulares para os desenvolvementos de uso industrial ou terciario previstos na epígrafe b) da directriz DX.10, co carácter de norma (N) ou recomendación (R) sinalado nela.

Dito epígrafe b) establece criterios particulares para os instrumentos de ordenación de desenvolvementos de uso industrial ou terciario sendo de aplicación neste caso os seguintes:

"2. (N) Realizarase unha análise dos bordos perimetrais, co fin de establecer unha adecuada transición e amortecemento entre a área empresarial e as áreas naturais e unha boa conexión e integración cos asentamentos e a rede viaria existentes na contorna.

3. (R) Deben coidarse os límites do polígono co solo rústico, para evitar que a transición se produza nas partes traseiras de parcelas de uso industrial, sen as oportunas medidas de integración. Por tanto, sempre que sexa posible, o límite entre a zona industrial e a contorna resolverase mediante vías, sendas peonís, zonas verdes ou espazos libres, e regularanse unhas adecuadas condicións de tratamento das partes traseiras das parcelas edificables."

3.3.1. Obxectivos de calidade paisaxística

As Directrices da Paisaxe de Galicia establecen unha serie de obxectivos de calidade paisaxística para cada unha das unidades de paisaxe identificadas no Catálogo das Paisaxes de Galicia.

O ámbito da modificación localízase na Grande Área Paisaxística (GAP nº7) Galicia Central, na Comarca paisaxística do Deza (7.5) na que os vales do Deza e Arnego constitúen o núcleo da comarca. No ámbito a unidade paisaxística é a que forman os vales sublitorais; cunha cuberta Rururbano (diseminado); e cun clima Mesotemperado inferior. Isto débese a súa inclusión no denominado Val Suave de Trasdeza.

a) OBXECTIVOS XERAIS (OX)

Dentro dos obxectivos xerais, as determinacións da modificación contribúen a acadar unhas paisaxes protexidas, ordenadas e xestionadas de xeito que poidan respectarse a si mesmas na súa peculiaridade e como factor de calidade de vida da cidadanía (OX1).

O ámbito da MP insírense nun tecido industrial, este feito garda relación co OX3, a cal busca incorporar unhas paisaxes en que se manteña a conexión que xeran as combinacións harmónicas, evitando a fragmentación e as grandes continuidades que homoxeinizan a paisaxe.

A modificación tamén contribúe a acadar paisaxes urbanas ben dimensionadas, nas cales, os materiais e volumes se adaptan á paisaxe da contorna, procurando a compactidade fronte á dispersión (OX8).

b) OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA (OCP)

A modificación encaixa nos obxectivos 9B_3 uns espazos urbanos ben conservados, nos cales se conserven seus elementos con maior valor paisaxístico e escénico, e 9B_4 Uns espazos urbanos xestionados mediante instrumentos que conduzan á súa compactidade e integración paisaxística.

- 9B_4_1. Uns centros urbanos xestionados mediante instrumentos que conduzan á compactidade e á diversidade de usos compatibles co residencial, integrando as edificacións contemporáneas coa conservación dos valores propios do núcleo.

- 9B_4_2. Unhas urbanizacións xestionadas adecuadamente, con crecementos proporcionados, de escala axeitada ao territorio sobre o cal se insiren, e mantidas e xestionadas con criterios de mellora paisaxística.

4. MEDIDAS E ACCIÓNS ESPECÍFICAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS DE CALIDADE

Debido ao contido e alcance da modificación non se prevén efectos negativos sobre as variables ambientais.

A regularización urbanística do solo urbano existente non producirá efectos negativos sobre o medio ambiente.

Seguindo o artigo 37 do Regulamento da Lei de Protección da Paisaxe de Galicia, a integración paisaxística do ámbito en conxunto atenderá a diferentes niveis, mais tendo en conta que como se desprende da análise do contexto, o ámbito non se atopa en situación de fragilidade nin de alta exposición visual.

A ordenación proposta é congruente e permite a integración da mesma coas características dos elementos conformadores das paisaxes de contexto.

Non existen áreas de especial interese urbanístico no ámbito nin na súa contorna próxima.

Non existen miradoiros ou sendas panorámicas na contorna próxima que fagan necesario o establecemento de medidas oportunas para preservar as vistas de interese nos ámbitos dos equipamentos.

Polo tanto, os efectos agardados en todo caso serán positivos para a paisaxe urbana

Para favorecer un adecuado deseño da nova dotación de espazo libre e zona verde a modificación determina eliminar a actual barreira de tuas optando por especies autóctonas nunha zona que se abre cara o solo rústico, co fin de respectar as epígrafes 2 e 4 directriz de paisaxe DX.10.b), e ter en conta os criterios da Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos.

Asinan:



Alfonso Botana Castelo
Arquitecto



Beatriz García Becerra
Arquitecta



Paula Fernández Otero
Bióloga